

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE FEBREIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Alfoz dun treito da estrada LU-P-0202 da rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Proxecto de acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Plan Litoral, e se procede á súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2024, por un importe de dous millóns setecentos trinta e dous mil oitenta e oito euros con noventa e cinco céntimos (2.732.088,95 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e o Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto denominado Ferrol Cidade do Deporte por un importe de dezaioito millóns de euros (18.000.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón das bonificacións do prezo de venda das parcelas de solo empresarial do Instituto Galego da Vivenda e Solo e de Xestur Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o proxecto básico modificado da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña-San Cristovo, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.
- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de acondicionamiento da OU-540. Tramo: Celanova-fronteira portuguesa (puntos quilométricos (pp.kk) 29+000-71+910).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de vacinas de calendario e outras, expediente baseado no Acordo marco do Ministerio de Sanidade (expediente 202001am0004), por un importe total de licitación de sete millóns seis mil catrocentos corenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos, con IVE (7.006.445,68 €) e un valor estimado de oito millóns oitenta e catro mil trescentos sesenta euros con corenta céntimos, sen IVE (8.084.360,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina 9 valente fronte ao virus do papiloma humano (VPH) GARDASIL 9® para o Programa galego de vacinación, por un importe de dous millóns trescentos setenta e oito mil doce euros (2.378.012,00€) e un valor estimado de cinco millóns trinta mil catrocentos dez euros (5.030.410,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva, mediante acordo marco cun único provedor, de material funxible e implantes para as intervencións realizadas co sistema de cirurxía guiada pro Robot Mako con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de seis millóns douscentos vinte e un mil trescentos noventa e un euros con sesenta e seis céntimos (6.221.391,66 €) IVE engadido, e un valor estimado de seis millóns cincocentos vinte e dous mil seiscentos seis euros con corenta e oito céntimos (6.522.606,48 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza ó Servizo Galego de Saúde a concesión de anticipos en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, que prevé un importe total dun millón douscentos seis mil novecentos corenta e tres euros (1.206.943,00 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a superar a porcentaxe nos pagamentos anticipados e a eximir as entidades beneficiarias da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, na orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2024, por un importe total de vinte e cinco millóns setecentos cincuenta mil euros (25.750.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a presentar a candidatura de Galicia a Rexión Emprendedora Europea 2024: o rural como espazo competitivo para emprender.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento da creación de superficies forestais cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual correspondente á resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para a organización de actividades formativas non regradas que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia por un importe de oitocentos mil euros (800.000,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas emigrantes galegas retornadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de avance do peche do exercicio orzamentario 2023.
- Informe de execución dos programas dos Fondos da Política de Cohesión 2014-2020.
- Informe sobre o programa de formación do persoal empregado público da Escola Galega de Administración Pública 2024.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a regulación da propiedade intelectual e industrial na formación profesional.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre os resultados da primeira campaña de inmunización da poboación infantil fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS).
- Informe sobre a aprobación da orde pola que se regula o procedemento de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e á conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais.
- Informe sobre o protocolo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE ALFOZ DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PROVINCIAL DE SAN MAMEDE A SAN ACISCLO

- Transfírese á entidade local o treito de 762 metros de lonxitude da LU-P-0202 A Seara-Oiras, desde o cruzamento coa vía autonómica LU-160 ata o campo de fútbol
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao decreto polo que se aproba a transferencia a prol do Concello de Alfoz do treito inicial da estrada provincial LU-P-0202, de San Mamede a San Acisclo.

O Concello de Alfoz e a Deputación Provincial de Lugo asinaron un convenio no que estableceron a obriga de solicitar a transferencia de titularidade deste viario.

Concretamente, transfírese a prol do Concello o treito inicial de 762 metros de lonxitude da vía provincial LU-P-0202, que comunica A Seara e Oiras, desde o punto quilométrico 0, cruzamento coa estrada autonómica LU-160, ata o punto quilométrico 0+762, o campo de fútbol do municipio lucense.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade destes treitos.

A transferencia a prol do Concello de Alfoz tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello lucense terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE UNHAS 37.000 PERSOAS CON PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS RECIBIRÁN O COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DA XUNTA

- Destaca que se trata dun pagamento único anual de 218 euros que se ingresa automaticamente nas contas bancarias dos beneficiarios, sen ter que solicitalo ou facer ningún trámite
- Salienta que o Executivo autonómico destina a esta axuda algo máis de 8 millóns de euros

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou que arredor dunhas 37.000 persoas que perciben en Galicia unha pensión non contributiva recibirán o complemento extraordinario da Administración autonómico, tras aprobalo así o Consello da Xunta celebrado hoxe. Trátase dun completo que procura mellorar a capacidade adquisitiva das galegas e galegos que non puideron cotizar á seguridade social.

Deste xeito, segundo precisou, o Goberno galego achegará a todas elas unha axuda extraordinaria de 218 euros, "abonado de oficio" nun único pagamento anual que recibirán de maneira automática nas súas contas bancarias sen necesidade de que o soliciten e sen levar a cabo ningún trámite adicional.

Rueda apuntou que a Administración autonómica destina algo máis de 8 millóns de euros a este complemento, que está dirixido a beneficiarios de pensións de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, do fondo nacional de asistencia social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Ademais, o presidente galego destacou que "se consolida" o incremento do 5,8 % na contía deste complemento que xa se aplicou o ano pasado e adiantase de novo o seu pagamento ao mes de febreiro, xa que anteriormente estas axudas pagábanse a finais de cada ano.

Rueda puxo en valor que Galicia é unha das "poucas comunidades autónomas" que mantivo "xeito ininterrompido" durante os últimos 16 anos esta axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios executivos autonómicos os que deciden mantela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA A SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS DESTINADAS AOS CONCELLOS PARA O EMBECEMENTO TURÍSTICO DO LITORAL POR 2,7 M€

- O Consello da Xunta tomou razón destas subvencións que sufragarán a rehabilitación de espazos singulares e dixitalización de recursos, entre outras
- É unha das accións incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral deseñado polo Goberno galego con fondos europeos Next Generation

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da posta en marcha da segunda convocatoria da liña de axudas destinada a concellos galegos para levar a cabo accións de embelecemento do litoral e potenciar así o seu uso turístico, cun investimento global de máis de 2,7 M€. É unha das actuacións incluídas no Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral posto en marcha polo Goberno galego con fondos Next Generation e que ten un prazo de execución ata 2024.

Esta liña de axudas destinarase aos concellos situados no litoral galego e concederanse en réxime de concorrencia non competitiva. Entre outras, subvencionaranse accións que afonden na transición verde e ecolóxica para a rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral, tamén accións de transición dixital e accesible e inclusiva.

En concreto, inclúense actuacións como a rehabilitación sustentable de edificacións como museos, monumentos, teatros, galerías de arte... nas cales o concello acredite a súa dispoñibilidade; investimento en zonas verdes como vías verdes, camiños e sendeiros, espazos naturais que fomenten a biodiversidade vexetal que permitan conectar distintos puntos de interese turístico ou que contribúan á creación de novos produtos turísticos, tales como rutas polas zonas verdes.

No eido da dixitalización, subvencionaranse gastos de desenvolvemento de aplicacións turísticas ou desenvolvemento de códigos QR para o ámbito turístico, gastos de deseño e instalación do desenvolvemento de folletos dixitais turísticos, ou de guías interactivas, placas informativas dixitais ou sinalización monumental intelixente, entre outras.

Máis accesibilidade

Tamén se subvencionarán actuacións encamiñadas á accesibilidade e un turismo inclusivo, como os gastos de obra e reforma que impliquen a modernización, mellora e adaptación de equipamentos existentes para mellorar a accesibilidade a recursos turísticos, tamén a adquisición de bens que teñan este mesmo obxectivo.

Esta convocatoria de axudas inclúese no Plan territorial de sustentabilidade turística do litoral que ten un plan de execución ata o ano 2024. Cun investimento de 29,3 M€ enmárcase este plan no Plan de recuperación, transformación e resiliencia para aproveitar o financiamento europeo no camiño á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos turísticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este plan territorial galego inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao litoral galego como dúas convocatorias anteriores para concellos e establecementos que impulsaban a rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego, xa convocadas e resoltas, así como a construción da senda do litoral de Galicia. Por outra banda, no marco deste plan territorial do litoral as entidades locais están executando distintos plans de sustentabilidade turística en destino.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA A MATERIALIZACIÓN DO PROXECTO FERROL CIDADE DO DEPORTE

- O Consello aprobou hoxe a formalización do acordo entre o Goberno galego e o concello ferrolán, que suporá un investimento conxunto de 18 millóns de euros no impulso das infraestruturas deportivas municipais
- Renovaranse 14 instalacións en distintos puntos da cidade e crearase unha nova pista polideportiva na contorna rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre o Goberno galego e o Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto *Ferrol Cidade do Deporte*. O orzamento previsto ascende a 18 millóns de euros, que serán cofinanciados a partes iguais por ambas as administracións entre 2024 e 2027. A colaboración permitirá mellorar e poñer en valor as infraestruturas deportivas ferrolás co obxectivo de fomentar o deporte entre a poboación do concello e da súa contorna e facilitar a súa práctica en todos os niveis.

O principal eixe de actuación concéntrase na enseada da Malata, con sete instalacións principais. Trátase do estadio do Racing Club de Ferrol; as pistas de skate; o recinto feiral FIMO; o campo de rugby; a pista de atletismo, as pistas de tenis e o pavillón multiusos. Nestas instalacións prevense obras de reparación de carácter global, tanto no interior como no exterior, así como a rehabilitación de edificios e a mellora da súa accesibilidade.

Na contorna da Malata, en concreto na Cabana, proxéctase rehabilitar a cidade náutica, coa adecuación dos edificios e a instalación de dous embarcadoiros, así como a reparación do pavimento da súa pista polideportiva.

Ademais destas instalacións, preténdese reformar outras na contorna urbana do concello para adecualas ás novas necesidades e á normativa. Trátase do campo de fútbol de Caranza, a cidade deportiva da Gándara e os pavillóns polideportivos de Santa Mariña, o Ensanche e a Casa do Deporte, así como o pavillón polideportivo e a piscina de Caranza.

A maiores, para promover a actividade deportiva na contorna rural, crearase unha nova pista polideportiva cuberta en Mandiá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECERÁ ESTE ANO CASE 1 MILLÓN DE M² DE SOLO EMPRESARIAL A PREZO BONIFICADO EN 39 POLÍGONOS GALEGOS

- Hai 385 parcelas dispoñibles no conxunto de Galicia e no caso de venderse todas, as adjudicatarias beneficiaríanse de descontos estimados en máis de 34,5 M€
- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará este mes un novo concurso para a adjudicación de 517.808,51 m² de solo empresarial repartidos entre 252 parcelas pertencentes a 19 polígonos de Xestur
- A oferta de solo para 2024 complétase con 103.657 m² actualmente en fase de desenvolvemento no polígono das Gándaras, 63.798 m² xa en comercialización na Sionlla e outros 255.402,67 m² dispoñibles nos parques propiedade do IGVS

A Xunta de Galicia porá este ano á disposición do tecido empresarial interesado en implantarse na Comunidade case 1 millón de metros cadrados de solo urbanizado en 39 polígonos das catro provincias e con bonificacións sobre o prezo de venda de ata un 50 %. Desta superficie total, a empresa pública Xestur ofertará 517.808,51 metros cadrados a través dun concurso público que se convocará este mes de febreiro e o resto, xa está en fase de comercialización ou sairá ao mercado nos próximos meses.

O Consello coñeceu esta mañá un informe da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre as bonificacións que se ofrecen no prezo de venda das parcelas de solo empresarial propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e de Xestur, uns incentivos grazas aos cales se estima que, en caso de venderse a totalidade da superficie dispoñible este ano, os adjudicatarios se beneficiarían de descontos por un importe superior aos 34,5 millóns de euros.

Deste xeito, as empresas asentadas xa en Galicia ou aquelas interesadas en desenvolver novos proxectos industriais nos polígonos da Xunta poderán acceder a 940.666 m² de solo urbanizado repartidos entre un total de 385 parcelas e coa posibilidade de solicitar unha bonificación equivalente ao 50 % do importe de venda dos terreos (no caso dos parques das provincias de Lugo e Ourense e nos situados na Costa da Morte, Ferrolterra e na fronteira con Portugal) ou ao 30 % (no resto de polígonos).

Máis concretamente, o Consello de Administración de Xestur acordou esta mesma semana que antes de que remate febreiro convocará un concurso público para a adjudicación dun total de 517.808,51 m² de solo empresarial repartidos entre 252 parcelas pertencentes a 19 polígonos.

A esta superficie hai que engadir a previsión de que, ao longo de 2024, Xestur saque un segundo concurso para comercializar outros 103.657 metros cadrados nas fases IV e V do polígono lucense das Gándaras, terreos que se atopan actualmente en urbanización.

Así mesmo, a empresa pública ten a día de hoxe en comercialización outras 7 parcelas no parque compostelán da Sionlla, terreos reservados exclusivamente para empresas do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector biotecnolóxico (Polo Biotech) que se adjudicarán de forma directa a través da declaración de proxectos empresariais singulares, polo que non se inclúen no concurso.

Ademais, o solo industrial da Xunta que estará dispoñible en Galicia ao longo deste ano complétase tamén coa superficie urbanizada existente nos polígonos propiedade do IGVS, que ten previsto convocar antes de que remate 2024 o seu propio concurso público. En concreto, porá á disposición do tecido empresarial un total de 255.402,67 metros cadrados repartidos entre 90 parcelas localizadas en 18 parques.

Cómpre indicar que as maiores bolsas de solo que Xestur porá no mercado este mes localízanse nos parques de Morás, en Arteixo, con 84 parcelas e unha superficie total de 132.830 m²; en Xinzo de Limia, no que se ofertarán 112.000 m²; e no polígono da Reigosa, no concello de Ponte Caldelas, con 10 parcelas que abranguen 85.820 m².

En canto aos polígonos xestionados polo IGVS, hai que subliñar as tres parcelas das Somozas (A Coruña), cunha superficie global de 50.000 metros cadrados, ou as 22 de Monterroso, cunha extensión de algo máis de 39.000 metros cadrados.

En todo caso, cómpre lembrar que a adquisición non é a única forma que teñen as empresas para acceder ao solo industrial da Xunta senón que existen outras tres modalidades: adjudicación en dereito de superficie a cambio do pagamento dun canon reducido (que oscila entre os 0,45 euros por m² e ano e os 2,89 euros por m² e ano); compravenda con pagamento aprazado ata en 8 anos; ou arrendamento, opción reservada só para os parques de Cedeira, Ortigueira, Vilamarín, Silleda e Arbo.

Por último, e á marxe do solo urbanizado que o IGVS e Xestur porán á disposición das empresas este ano, cómpre lembrar que a Xunta tamén é un dos promotores da Plataforma loxístico empresarial de Salvaterra-As Neves (Plisan), xunto coa Autoridade Portuaria de Vigo e Zona Franca. Nestes momentos a gran área industrial do sur de Galicia ten 31 parcelas dispoñibles para a súa posible adjudicación polo sistema de poxa pero actualmente aínda non están en comercialización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
**CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DO SOLO PROPIEDAD DE XESTUR
FEBREIRO 2024**

PARQUE	NÚMERO DE PARCELAS	SUPERFICIE m²
Morás (Arteixo)	84	132.830,00
Bértoa (Carballo)	3	29.817,00
Negreira	2	4.080,00
Arzúa	1	2.011,00
Cedeira	38	40.877,00
Ortigueira	41	48.768,00
Ordes	1	3.830,00
Ponteceso	1	750,50
Cervo	2	2.133,98
Viveiro	6	25.813,97
Muimenta	12	10.942,00
A Veigadaña (Mos)	1	1.500,00
A Reigosa (Ponte Caldelas)	10	85.820,95
Lalín	1	2.008,00
Silleda	2	7.031,69
Arbo	15	17.544,20
Vilamarín	8	14.844,22
O Pereiro de Aguiar	1	685,00
Xinzo de Limia-Pol. 2	23	86.521,00
TOTAL	252	517.808,51

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DO SOLO PROPIEDAD DO IGVS 2024

PARQUE	NÚMERO DE PARCELAS	SUPERFICIE m²
As Somozas	3	50.000,00
Curtis	3	25.317,59
Melide	2	4.680,00
Pontedeume	P1	1.139,00
Culleredo (Alvedro)	1	4.700,00
Bóveda	1	836,00
Lourenzá	6	8.080,88
Porto Seco de Monforte	12	36.211,00
Monterroso	22	39.403,00
Quiroga	3	1.950,00
Taboada	5	5.400,00
Xermade	8	6.977,00
Barco de Valdeorras	9	28.567,00
Carballiño	1	2.158,00
Celanova	1	3.274,00
Ribadavia Pol 2	4	5.812,95
Pazos	3	6.355,25
Central de Transportes 1ª fase (San Cibrao das Viñas)	5	24.541,00
TOTAL	90	255.402,67

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA URBANISTICAMENTE A MODIFICACIÓN DO PROXECTO PARA POSIBILITAR O INCREMENTO DA CAPACIDADE DO APARCADOIRO DA INTERMODAL DA CORUÑA

- A tramitación desta modificación a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese culmina os procedementos que permiten ordenar urbanisticamente os accesos ao aparcadoiro da intermodal, posibilitando a súa ampliación en máis dun 40 %, ata acadar máis de 550 prazas
- Unha vez aprobado o proxecto modificado da terminal de autobuses, a Xunta executará os traballos do aparcadoiro de turismos para área intermodal, que será explotado polo Concello durante 20 anos e pasará posteriormente ao Adif
- A integración da terminal de autobuses na estación de ferrocarril permitirá o intercambio de modos de transporte en menos de 5 minutos
- A nova estación de autobuses acollerá 500 expedicións diarias e 2,7 millóns de viaxeiros ao ano
- A estación intermodal mobiliza un investimento global de 120 M€, dos cales 20,57 M€ son achegados pola Xunta

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á aprobación do proxecto básico modificado da terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña-San Cristovo, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, posibilitando o incremento da capacidade do aparcadoiro.

A tramitación desta modificación a través da Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese culmina os procedementos que permiten ordenar urbanisticamente os accesos ao aparcadoiro da intermodal, posibilitando a súa ampliación en máis dun 40 %, ata acadar máis de 550 prazas, segundo recolle a addenda ao convenio co Concello da Coruña e o Adif, autorizada o pasado xoves polo Executivo autonómico.

Deste xeito, a sinatura da addenda, xunto coa aprobación urbanística da modificación do proxecto posibilitan o inicio da tramitación do proxecto modificado que permitirá o redeseño das instalacións da estación de autobuses e os seus accesos para posibilitar a ampliación do aparcadoiro.

Unha vez aprobado o proxecto modificado da terminal de autobuses, a Xunta executará as obras modificadas do aparcadoiro de turismos para área intermodal, que será explotado polo Concello da Coruña durante 20 anos e pasará posteriormente ao Adif.

Seguindo o establecido no acordo de colaboración entre as tres administracións, a Xunta iniciou en setembro do 2022 as obras da nova estación de autobuses do aparcadoiro de turismos e dos elementos comúns, que avanza a bo ritmo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas intervencións permitirán pasar do autobús ao tren en menos de 5 minutos desde unha nova terminal que acollerá máis de 500 expedicións diarias e 2,7 millóns de viaxeiros ao ano.

A terminal contará cun nivel superior ao cal se accederá desde a avenida da Sardiñeira e albergará o edificio de viaxeiros, 20 dársenas de operación e a pasarela peonil de comunicación coa avenida do Ferrocarril, e cun nivel inferior, onde se situará o aparcadoiro.

Xunto cos proxectos de remodelación da terminal ferroviaria que está a executar o Adif e os de urbanización dos accesos na avenida da Sardiñeira e na avenida do Ferrocarril que executará o Concello, forman unha nova e moderna área intermodal de transporte

A estación intermodal da Coruña, no seu conxunto, é resultado da cooperación entre a Xunta, o Adif e o Concello, que mobilizarán un investimento global de 120 M€, dos cales 20,57 M€ son achegados pola Administración autonómica.

O Executivo autonómico está a executar as obras da estación de autobuses co aparcadoiro de turismos, cun investimento de 32,4 M€, dos cales asumirá o 60 % do importe e o Concello contribuirá co restante 40 %.

A Xunta tamén executa as obras dos elementos comúns entre a estación de autobuses e a terminal ferroviaria, cun investimento de 10,8 M€, que cofinanciarán as tres administracións.

A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle ao Adif e os accesos nas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril serán executados e financiados polo Concello da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA A MELLORA DA ESTRADA OU-540, DESDE CELANOVA ATA A BAIXA LIMIA E A FRONTEIRA PORTUGUESA, CUN ORZAMENTO DE 13,7 M€

- O obxectivo é incrementar a capacidade e funcionalidade de case 43 quilómetros desta vía autonómica que vertebra o interior da comarca da Baixa Limia e a conecta con Celanova e a cidade de Ourense, ademais de con Portugal a través da Madalena
- O Executivo autonómico tamén deu hoxe o visto e prace ao expediente de información pública e ao informe das administracións afectadas para a súa execución
- Habilitaranse case 7 novos quilómetros de terceiro carril de adiantamento, construíranse 2 glorietas en Bande, redeseñaranse 11 interseccións e reordenaranse xiros á esquerda para favorecer o cruzamento da estrada en condicións de maior seguridade
- Tras a análise das achegas recibidas, ampliárase cara á marxe dereita a plataforma da vía para a maior protección do xacemento do Vieiro, incorporárase un carril central de espera nos cruzamentos da vía coa OU-531, e no acceso ás Maus e ao punto limpo de Lobios
- Nas vindeiras semanas licítarase a primeira fase destas obras, cun orzamento de 6 M€
- Esa primeira fase entre Celanova e Bande correspóndese co treito de maior tráfico, cuns 2.600 vehículos ao día, onde se prevé a execución de carrís adicionais, ademais de sendas peonís nos núcleos de Carballo e de Agrelo, en Vereá
- O segundo treito vai de Bande á fronteira portuguesa e suporá un orzamento superior aos 7,2 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a mellora da estrada autonómica OU-540, desde Celanova ata a Baixa Limia e a fronteira portuguesa, que suporá un orzamento de 13,7 M€.

O Goberno galego tamén autorizou o expediente correspondente aos trámites de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta intervención.

O obxectivo desta actuación é incrementar a capacidade de case 43 quilómetros desta vía autonómica, reforzar a seguridade viaria e aumentar a competitividade neste eixe de comunicación do interior do sur da provincia de Ourense e co país veciño, en beneficio dos concellos de Celanova, Vereá, Bande, Lobeira, Muíños, Entrimo e Lobios e do parque natural da Serra do Xurés.

A OU-540 rexistra unha intensidade de tráfico que vai desde os 2.594 vehículos ao día entre Celanova e Bande, aos 922 no treito máis próximos á fronteira con Portugal. Con esta actuación os 13.000 habitantes dos concellos situados na traza da vía autonómica mellorarán a súa accesibilidade, ao vertebrar a OU-540 o interior da comarca da Baixa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Limia e conectala con Celanova e a cidade de Ourense, ademais de con Portugal a través da Madalena.

O proxecto aprobado hoxe polo Goberno galego prevé ampliar a capacidade e funcionalidade da estrada OU-540, con case 7 novos quilómetros de terceiro carril de adiantamento, favorecendo de xeito considerable a circulación.

Ademais construíranse dúas glorietas no concello de Bande, melloraránse e redeseñaránse 11 interseccións e reordenaránse xiros á esquerda, para favorecer o cruzamento da estrada e os distintos movementos en condicións de maior seguridade.

Tras a análise das achegas recibidas, ampliarase a plataforma da estrada entre os puntos quilométricos 36+430 e 36+860 cara á marxe dereita, en lugar de cara á esquerda, co fin de protexer o xacemento do Vieiro. A maiores, incorporárase un carril central de espera na intersección do quilómetro 24+470 coa OU-531; no cruzamento do quilómetro 45+770, de acceso ás Maus, e na intersección do quilómetro 56+650, de acceso ao punto limpo de Lobios.

Estas actuacións completaránse coa mellora do firme alí onde sexa necesario e coa limpeza e despexe das marxes para favorecer a visibilidade.

O proxecto aprobado hoxe polo Goberno galego desenvolverase en dúas fases, e prevese licitar nas vindeiras semanas a execución das obras da primeira delas, e poder tramitar en paralelo o procedemento expropiatorio ao procedemento de adxudicación.

O primeiro treito, cun orzamento de 6 M€, céntrase na contorna dos concellos de Celanova e de Bande. A intervención comprende a execución dun carril adicional na marxe dereita da estrada, ao seu paso por Vereá, de case 2,5 km. Tamén se prevé un carril adicional na marxe esquerda da vía, ao paso polo termo municipal de Bande, de 1,1 km.

Xunto con isto, o proxecto recolle a mellora de interseccións, como é o caso dunha prevista en Bande norte, así como a execución de sendas peonís para favorecer os desprazamentos a pé dos veciños nos núcleos de Carballo e de Agrelo, en Vereá.

O segundo treito discorre entre o concello de Bande e a fronteira Portuguesa e o orzamento superará os 7,2 M€.

Ámbito da actuación aprobada hoxe polo Goberno galego:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mapa exemplo mellora curva:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA CON 4,4 M€ A TRANSFORMACIÓN DIXITAL, A INNOVACIÓN E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL GALEGO

- A convocatoria, dirixida a pemes comerciais e obradoiros artesanais, cobre actuacións como a implantación e o mantemento de páxinas web, márketing dixital, loxística, xestión de redes sociais, tecnoloxía de control de stoks, asistentes virtuais, sistemas de click and collect, lockers dixitais, ademais de actuacións de mellora da eficiencia enerxética e de acondicionamento dos locais comerciais
- As axudas no ámbito da dixitalización poderán chegar ata os 12.525 euros por beneficiario, no eido da innovación ata os 37.875 euros e 15.150 euros para actuacións de mellora de eficiencia enerxética, reforma dos locais e adquisición de equipamentos

O Goberno galego acordou hoxe, na súa reunión de Consello, activar unha nova convocatoria das axudas para a transformación dixital, a innovación e a modernización do comercio retalista e dos obradoiros artesanais dotada con 4,4 M€.

O obxectivo é apoiar o sector para que se adapten á nova realidade a través da introdución de tecnoloxías que lles permitan conectar coas necesidades do cliente á vez que se melloran os equipamentos dos establecementos para consolidar un comercio de proximidade omnicanle, moderno e sustentable.

Por unha banda, os interesados poden optar á liña de transformación dixital, na que se inclúen actuacións como a implantación de páxina web con ou sen venda en liña, ferramentas de posicionamento dixital, xestión de redes sociais ou loxística e-commerce, entre outras. As axudas terán unha intensidade do 75 % ata un máximo de 12.525 euros dependendo do número de empregados.

Na liña de innovación cóbrense tanto accións de *smart retail*, dirixidas á transformación dixital do punto de venda e do modelo de negocio-sistemas de click and collect e lockers dixitais, terminais de pagamento, tecnoloxía de control de stocks ou asistentes virtuais, por exemplo-; como de *visual merchandising* para mellorar a experiencia de compra e que inclúe escaparates virtuais así como pantallas e tótems publicitarios. As axudas tamén cobren o 75 % ata 27.750 euros no primeiro caso e 10.125 no segundo.

Por último, na liña destinada á modernización hai tres programas de actuación: un destinado á mellora da eficiencia enerxética e dos recursos do local; outro de reforma para mellorar a imaxe do establecemento e outro para a adquisición de equipamento e maquinaria propios da actividade comercial e artesanal. Neste caso a intensidade da axuda é do 60 % que pode alcanzar os 7.800 euros no primeiro programa, 3.750 no segundo e 3.600 no terceiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria publicárase mañá no *Diario Oficial de Galicia* e os interesados disporán dun mes para presentar as súas solicitudes. Con estas axudas preténdese reforzar a venda presencial e o formato físico valéndose das ferramentas e vantaxes que proporciona a dixitalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADQUIRE MÁIS FUNXIBLES PARA O ROBOT MAKO QUE XA REALIZOU 54 CIRURXÍAS DE XEONLLO E CADEIRA NA NOSA COMUNIDADE

- O Consello da Xunta autoriza destinar máis de 6,5 millóns de euros á subministración sucesiva do material necesario para cirurxías de substitución de articulacións
- As primeiras operacións de cadeira co robot Mako leváronse a cabo hai unha semana nas áreas sanitarias de Vigo, A Coruña e Cee e Santiago de Compostela e Barbanza
- O Servizo Galego de Saúde realizou 48 operacións de xeonllo con este robot desde o pasado mes de outubro
- A cirurxía robótica supón para o paciente unha redución da dor posoperatoria, da estancia hospitalaria, do tempo de recuperación e de complicacións

O Consello da Xunta autorizou a subministración sucesiva de material funxible e implantes para as intervencións de xeonllo e cadeira realizadas co sistema de cirurxía guiada por robot *Mako* con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un valor estimado de 6.522.606 euros.

Así, o Sergas continuará a desenvolver operacións ortopédicas guiadas por este robot de última xeración e que comezaron a realizarse en outubro de 2023. Desde esa data, foron 48 as cirurxías de xeonllo levadas a cabo cos tres robots *Mako* adquiridos pola sanidade pública galega (22 na Área Sanitaria da Coruña e Cee, 18 na de Santiago de Compostela e Barbanza e 8 na de Vigo). No caso das operacións de cadeira, por causa de artrose no paciente, o 24 de xaneiro foron realizadas con éxito as 6 primeiras intervencións dirixidas polo *Mako* nos complexos hospitalarios da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, dúas operacións en cada área sanitaria.

Grazas a estes dispositivos robóticos, o cirurxián dispón dunha ferramenta específica para executar de forma exacta os cortes óseos de acordo cunha precisa planificación cirúrxica previa, xa que un dos aspectos máis complexos da cirurxía de substitución de articulacións é colocar os compoñentes individuais da articulación artificial na mellor aliñación posible para que encaixen e funcionen sen problemas. O brazo robótico proporciona retroalimentación táctil, visual e auditiva para axudar ao cirurxián a lograr a orientación desexada, o que pode mellorar a estabilidade e mobilidade. Polo tanto, a diferenza das técnicas manuais, esta cirurxía robótica presenta maior exactitude e precisión á hora de planificar a posición e o tamaño do implante e para o paciente supón un menor sangrado durante a intervención, menor dor posoperatoria, menor estancia hospitalaria, redución do tempo de recuperación e de complicacións.

Mediante esta licitación propónse a contratación do material funxible e implantes necesarios para as intervencións realizadas polo robot *Mako*. Inclúense implantes, instrumentos, accesorios e consumibles necesarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cirurxía robótica na sanidade pública galega

A Xunta iniciou a súa aposta pola cirurxía robótica coa adquisición de sete robots *Da Vinci* que comezaron a funcionar nos quirófanos das sete áreas sanitarias galegas en xullo de 2021 e que xeneralizaron o seu uso en eidos como a uroloxía, a xinecoloxía, a cirurxía xeral e dixestiva, a otorrinolaringoloxía ou a cirurxía torácica.

Ademais, o Sergas dotouse dun Comité Clínico de Cirurxía Robótica para deseñar unha estratexia de uso corporativo destes equipos e acadar un desenvolvemento progresivo e homoxéneo da utilización desta tecnoloxía en todo o Sergas. Este órgano foi definindo as fases e procedementos de utilización do robot e facendo un seguimento do programa de formación e incorporación, así como permitindo compartir experiencias entre as distintas áreas e servizos para favorecer ese desenvolvemento homoxéneo en toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

- A convocatoria de 2024 inclúe, de xeito explícito, a subvención de programas de posvención para a atención das familias e achegados das persoas falecidas por suicidio
- O Plan de Saúde Mental de Galicia 2020-2024 supuxo un salto cualitativo e cuantitativo na atención da poboación galega

O Consello da Xunta vén de autorizar a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais. Para esta convocatoria, destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, a Xunta de Galicia investirá un total de 1.206.943 euros.

De igual xeito que a convocatoria do pasado ano, esta desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva, podendo acceder á mesma aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofren doenzas de tipo mental. Este modelo, ademais de dar continuidade á tipoloxía de programas tradicionalmente financiados, tamén permite que se incorporen outros novos, de acordo ás necesidades sociais de cada exercicio.

Neste senso, e de acordo ao recollido no Plan de Saúde Mental de Galicia 2020-2024, as iniciativas susceptibles da concesión destas axudas atópanse divididas en cinco liñas de actuación: proxectos de investimento en melloras nos centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais en materia de trastornos mentais -incluídos os transtornos adictivos-; programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental; programas de promoción do desenvolvemento de contornas protectoras no ámbito dixital e prevención terciaria en adicións comportamentais e outras adicións; programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais; e programas de prevención do suicidio.

Entre as novidades da presente convocatoria, atópase a inclusión explícita dos programas de posvención dentro das tipoloxías subvencionables, de acordo á necesidade social da atención ás familias e achegados das persoas falecidas por suicidio.

Plan galego de Saúde Mental e Proxecto YAM

O Plan de Saúde Mental 2020-2024, posto en marcha pola Xunta de Galicia contempla, entre os seus eixos de actuación, a colaboración e a participación de todo o tecido asociativo e das entidades especializadas na Saúde mental. Isto traduciuse, entre outras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medidas, en programas de axudas para o financiamento de actividades en entidades sociais relacionadas con pacientes con trastornos mentais ou adiccións.

Finalmente, cómpre destacar que Galicia será a primeira comunidade de España en implantar o Proxecto YAM de prevención da depresión e do suicidio entre a poboación moza. Un proxecto europeo no que, tras ser desenvolto polo Instituto Karolinska de Suecia, participarán 78 centros educativos galegos, grazas á colaboración entre a Consellería de Sanidade e da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 26 M€ ÁS AXUDAS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO PARA APOIAR A INSERCIÓN LABORAL DE CASE 4.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou a convocatoria que abranguerá de decembro de 2023 a novembro de 2024 co gallo de promover a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo en 130 centros especiais de emprego (CEE)
- Coa medida, a Xunta outorgará ata 25.000 euros pola xeración de postos indefinidos para traballadores con especiais dificultades para a inserción laboral
- Como novidade, establécense incentivos polo paso de traballadores con discapacidade á empresa ordinaria

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que destinará 25,75 millóns de euros a favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade nos 130 centros especiais de emprego (CEE) rexistrados en Galicia. Esta iniciativa abranguerá do mes de decembro do pasado ano 2023 a novembro deste 2024.

Grazas á nova orde de achegas, o Goberno galego prevé beneficiar case 4.000 persoas traballadoras con discapacidade e crear máis de 145 postos de traballo indefinido. Ademais, contrataranse 160 profesionais para dar apoio nos centros a 800 persoas con especiais dificultades para acceder ao mercado de traballo.

A iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade inclúe tres liñas de axuda: unha para o mantemento do custo salarial nos CEE; outra para financiar as unidades de apoio á actividade profesional; e unha terceira que promoverá a creación de postos estables para persoas con discapacidade e a adaptación de postos e asistencia técnica nestes centros.

A liña que conta con máis orzamento (en concreto, máis de 23,3 millóns de euros) destinarase a manter os custos salariais e os empregos das persoas traballadoras con discapacidade nos CEE, que recibirán importes equivalentes ao 50 % do salario mínimo interprofesional (SMI).

Por outra banda, un total de 1,3 millóns destinaranse a financiar os custos salariais da contratación indefinida do persoal das unidades que presta apoio a esas persoas con maiores obstáculos para atopar traballo.

Por último, case 1,15 millóns de euros distribuiranse en achegas para dar estabilidade aos postos de traballo mediante a contratación indefinida (máximo de sete postos por centro subvencionables) con incentivos de ata 25.000 euros por posto creado a xornada completa en función das características da persoa traballadora, e para a adaptación de postos de traballo ás condicións das persoas con ata 2.000 euros por cada un.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta iniciativa o Goberno galego está a favorecer a integración laboral de persoas con discapacidade no sistema produtivo a través dos centros especiais de emprego, un mecanismo que pode servir de tránsito ao seu paso ao mercado ordinario de traballo. Nese senso, cómpre engadir que, como novidade, a convocatoria recolle incentivos de 300 euros polo paso dun traballador con discapacidade á empresa ordinaria.

As axudas que hoxe se aprobaron en Consello encádranse nos diferentes programas da Xunta de apoio á discapacidade e ás persoas en exclusión social, que se consolidarán no marco da Estratexia de Economía Social Horizonte 2027. Neste punto, cómpre destacar as axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cun crédito ampliado a 1,5 millón de euros, así como o programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) por importe de 6 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ A CANDIDATURA DE GALICIA A REXIÓN EMPRENDEDORA EUROPEA 2025

- A comunidade postularase coa proposta *O rural* como espazo competitivo para emprender coa que pon en valor o potencial dos territorios das catro provincias para desenvolver unha actividade e proxecto de vida
- O plan de acción da candidatura avoga, entre outras medidas, polo asesoramento especializado a través da Rede de polos de emprendemento e pola simplificación das axudas aos proxectos que botan a andar
- Galicia quere trasladar á Unión Europea a súa aposta pola aceleración e a innovación no rural e do impulso dunha rede de coliving para atraer nómades dixitais

O Consello da Xunta deu hoxe visto e praxe á presentación da candidatura *O rural como espazo competitivo para emprender*, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para que Galicia opte a ser recoñecida Rexión Emprendedora Europea 2025.

A Comunidade quere poñer en valor a súa firme aposta polas accións innovadoras no rural e polo potencial do territorio galego das catro provincias.

Toma como punto de partida o traballo desenvolvido nos últimos anos para facilitar o emprendemento rural como unha fórmula de desenvolvemento, crecemento económico, creación de emprego e fixación do poboación. Tamén de impulso dunha acción coordinada dos axentes públicos e privados, especialmente aos actores locais de zonas non centrais do territorio.

A comunidade ten en marcha iniciativas exitosas que incorporará á candidatura, como é o caso da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego despregada hai un ano e medio e con 12 centros activos.

Na mesma liña, terán cabida os programas de impulso da economía social, a Rede Eusumo de fomento da economía social e Eduemprende, plan de emprendemento do sistema educativo, que se queren poñer como exemplo ante outras rexións europeas.

No plan de acción que acompaña a candidatura, avógase por crear as condicións para que os proxectos emprendedores e empresas crezan no rural. Esta idea materializarase no programa Galicia EnRural, que inclúe accións de visibilización e recoñecemento de proxectos e novas empresas no rural galego.

Dar visibilidade e simplificar as axudas ao emprendemento na comunidade e potenciar os programas de aceleración e innovación aberta permitirán atraer novas empresas ao rural.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade avoga pola creación da Rede de coliving e espazos de emprendemento rural para atraer nómades dixitais ou

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballadores en remoto que desexen establecerse un tempo en Galicia, dándolles acceso a un lugar onde residir coas súas familias.

A *European Entrepreneurial Region* - Rexión Emprendedora Europea- é unha iniciativa que identifica e recoñece as rexións da Unión Europea que presentan estratexias excelentes e innovadoras de impulso do emprendemento. A Xunta quere optar a esta candidatura, deseñada de xeito transversal entre diferentes departamentos, para brindar a Galicia a oportunidade de obter un recoñecemento internacional á súa aposta emprendedora e gañar visibilidade e difusión. Trátase de construír, ademais, unha imaxe positiva para atraer investidores, emprendedores e colaboradores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ESTE ANO ALGO MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CREACIÓN DE SUPERFICIES FORESTAIS DE CONÍFERAS E FRONDOSAS

- Estas achegas teñen como obxectivo fomentar a forestación de terreos non arborados con especies non invasoras, o que contribúe á prevención de incendios e á captación de CO₂ da atmosfera
- A orde publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* e o prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación
- Poderán crearse superficies con ata cinco especies diferentes de coníferas, como o piñeiro do país ou o piñeiro silvestre; e con 21 especies de frondosas, como o ameneiro, o bidueiro, o freixo ou o castiñeiro
- Serán subvencionables aqueles gastos vencellados coa planificación forestal, os custos relacionados coas infraestruturas de acompañamento e os honorarios de redacción de proxecto

O Consello da Xunta vén de aprobar a orde mediante a cal se destinarán algo máis de 1,5 millóns de euros para a creación de superficies forestais de coníferas e frondosas. Estas achegas teñen como obxectivo fomentar a forestación de terreos non arborados con especies non invasoras, o que contribúe á prevención de incendios e á captación de CO₂ da atmosfera. A orde publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e o prazo de presentación de solicitudes será de 30 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

As repercusións desta forestación son favorables tanto para o propio monte como para a cidadanía, ao apostar por montes certificados con maior rendibilidade económica, ademais de fomentar a multifuncionalidade do monte, encamiñado a un uso sociorecreativo.

Neste sentido, co apoio do Goberno autonómico, poderán crearse superficies forestais con cinco especies diferentes de coníferas, como o piñeiro do país ou o piñeiro silvestre; e con 21 especies de frondosas, como o ameneiro, o bidueiro, o freixo ou o castiñeiro, entre outros. Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, tanto propietarios como arrendatarios ou xestores.

Así, serán subvencionables aqueles gastos vencellados coa planificación forestal e de área de defensa contra incendios forestais, como o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo ou a adquisición de planta. Por outra banda, financiaranse tamén aqueles custos relacionados coas infraestruturas de acompañamento, como as obras complementarias, e os honorarios de redacción de proxecto.

As repercusións que terán estas achegas son favorables tanto para o propio monte como para a cidadanía, ao apostar por montes certificados con maior rendibilidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

económica, así como fomentar a multifuncionalidade do monte, encamiñado tamén a un uso sociorecreativo. Ademais, estas achegas atópanse en liña cos eixos I-Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais, III-Xestión forestal e loita contra o abandono do monte e IV- Recursos forestais e cadea monte-industria, da primeira revisión Plan forestal de Galicia 2021-2040.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA NESTE 2024 AXUDAS PARA IMPULSAR O COÑECEMENTO E A COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA DE GALICIA, CUN ORZAMENTO DE 800.000 EUROS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe esta nova convocatoria que busca contribuír a unha percepción desta industria como un eixe estratéxico, innovador, moderno e esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular
- Subvencionaranse proxectos que integren actividades de carácter formativo non regrado que promovan este eixe estratéxico da economía galega
- Estas achegas están enmarcadas na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal a nova convocatoria de axudas da Axencia Galega da Industria Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, para a organización de actividades formativas non regradas que impulsen o coñecemento e a competitividade da industria forestal-madeira de Galicia. O importe desta convocatoria, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas vindeiras semanas, é de 800.000 euros -400.000 para o exercicio 2024 e outros 400.000 para o 2025-.

Estas axudas teñen como obxectivo estratéxico contribuír a unha concienciación colectiva baseada na percepción da industria forestal-madeira como unha industria estratéxica, innovadora, moderna e peza esencial na transición cara ao novo modelo de economía circular. Así, preténdese favorecer a participación dos axentes clave na divulgación da utilidade da madeira e dos seus produtos derivados.

Desta forma, subvencionarase a organización de actividades formativas non regradas, tales como másters, cursos ou pílulas formativas relacionados coa industria forestal-madeira. Todas as actividades terán que estar vencelladas á industria forestal-madeira e á súa cadea de valor.

Para proceder á divulgación destas actividades, poderán ser beneficiarios destas axudas as asociacións, organizacións, fundacións de interese galego e entidades sen ánimo de lucro, que teñan base asociativa e sexan representativas ou estean relacionadas coa cadea de valor da industria forestal-madeira. Tamén as agrupacións empresariais innovadoras (AEI) representativas ou relacionadas co sector e os colexios profesionais e centros universitarios, cando as actividades subvencionables se correspondan con esta temática.

Axenda de impulso da Industria forestal-madeira

As axudas que se veñen de aprobar están enmarcadas na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade. O obxectivo último é favorecer unha sociedade saudable, neutra en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais. Para iso, a Axencia busca mellorar o capital humano a través da formación, impulsar a innovación e a competitividade, así como o desenvolvemento e diversificación deste sector.

Ademais, dentro do Plan forestal de Galicia 2021-2040 Cara á neutralidade carbónica, inclúese o deseño, execución e seguimento dun programa de divulgación e comunicación da cultura forestal. O obxectivo é comunicar á sociedade a natureza singular, sustentable e renovable dos montes e dos seus produtos derivados, a través da programación de eventos, encontros, conferencias ou congresos sectoriais.

Con todo, cabe sinalar que Galicia conta cunha superficie forestal de máis de dous millóns de hectáreas e a súa actividade forestal xera grandes oportunidades e valor. Neste senso, na nosa comunidade realízase un aproveitamento anual de preto de 10 millóns de metros cúbicos ao ano (en España aprovéitanse 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación por venda de madeira.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA POTENCIAR A INICIATIVA EMPRENDEDORA DOS GALEGOS RETORNADOS

- O DOG publica mañá una nova convocatoria deste programa, cuxo prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de setembro, que contará cun orzamento de 1 millón de euros
- As axudas, que poden chegar aos 10.000 euros, están dirixidas aos primeiros momentos de inicio da actividade

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2024. O Consello aprobou hoxe unha nova convocatoria das axudas ao Retorno Emprendedor, que contará cun orzamento dun millón de euros e permitirán contar cun apoio económico de ata 10.000 euros para poñer en marcha un proxecto empresarial.

Estas axudas destínanse ás galegas e galegos que regresan á súa terra de orixe, xa fosen nados na Galicia territorial ou nos seus países de destino, e teñen como obxectivo poder sufragar os gastos orixinados pola posta en funcionamento dun negocio.

O prazo de presentación remata o 30 de setembro.

As axudas serán de 6.000 euros, aumentable en 1.000 se a persoa beneficiaria é muller, e outros 3.000 se a empresa se pon en marcha nun concello do rural. Deste xeito, unha persoa solicitante pode chegar ata os 10.000 euros de apoio para a posta en marcha do seu negocio, de maneira que poida fixar a súa residencia e integrarse social e laboralmente, realizando nela as súas actividades empresariais e profesionais, favorecendo así, ademais, o desenvolvemento do tecido empresarial de Galicia.

Este tipo de iniciativas facilitan o acollemento a quen desexa iniciar unha nova vida en Galicia, e lémbrese que as persoas interesadas tamén poden informarse de todo tipo de axudas ao retorno nas oficinas integrais de asesoramento e seguimento ao retorno con sede nas principais cidades galegas. Agora tamén, nunha oficina móbil que percorre toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO DO ANO 2023

O Consello do Goberno galego tamén avaliou un informe sobre os programas operativos dos fondos da política de cohesión do período 2014-2020

O Consello da Xunta aprobou hoxe o peche do exercicio correspondente ao ano 2023, avanzado na reunión desta mañá polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

O informe analizado mostra que Galicia pechou o 2023 cunha execución do orzamento do 99,6 %, o que implica un gasto de preto de 1.200 M€ superior ao do exercicio 2022. Ademais, o déficit situouse no 0,3 % do PIB en consonancia coas previsións incluídas nos orzamentos; e o esforzo investidor foi do 17 %.

Por outra banda, segundo se desprende do documento, con datos do mes de novembro, Galicia foi a segunda comunidade autónoma que pagou con máis axilidade os seus provedores, nunha media de 14 días, por debaixo da media de comunidades autónomas.

A isto hai que engadir que Galicia pechou o pasado exercicio cunha ratio de débeda/PIB do 16,1 %, 3,7 puntos por debaixo do nivel que presentaba este indicador ao inicio da pandemia (19,7 %); é a máis baixa desde o ano 2012.

Fondos europeos

O Consello da Xunta tamén avaliou hoxe un informe sobre os programas operativos dos fondos europeos estruturais correspondentes ao período 2014-2020: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o Fondo Social Europeo (FSE).

Deste documento despréndese que Galicia executou o 100 % dos 1.300 millóns de euros dos fondos Feder e FSE para o período 2014-2020, así como tamén os 440 M€ do fondo REACT-UE destinados a reparar os danos económicos e sociais provocados pola COVID-19. A través do programa Feder concedéronse preto de 16.000 axudas a máis de 9.200 empresas, e case 220.000 persoas se viron beneficiadas por actuacións enmarcadas no Programa FSE.

En canto á súa finalidade, o obxectivo do Feder é o de potenciar a I+D+i e as TIC, mellorar a competitividade das pemes, o ambiente ou favorecer a transición cara unha economía baixa en carbono. Pola súa banda, o FSE procura promover a sustentabilidade e a calidade do emprego, a inclusión social e a loita contra a pobreza ou a formación e educación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE O PLAN DE FORMACIÓN DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO PARA 2024

- Ao longo do ano convocaranse un total de 592 actividades formativas e 36.664 prazas
- O 93 % das prazas ofertadas serán en modalidades non presenciais

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre o plan de formación elaborado pola Escola Galega de Administración Pública para este ano 2024. Neste marco, ao longo do presente exercicio convocaranse un total de 592 actividades formativas e 36.664 prazas dirixidas ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, da Administración de xustiza e das entidades locais galegas, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, así como ao persoal de administración e servizos das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Este plan supón a consolidación dun espazo virtual de coñecemento que en 2024 abarcará o 93 % das prazas ofertadas con cursos nas modalidades de teleformación, telepresenza e autoformación. A distribución da oferta cun claro peso da non presencialidade ten como obxectivo que o alumnado poida xestionar o seu proceso de aprendizaxe co maior grao posible de autonomía e flexibilidade.

Este programa formativo servirá para reforzar áreas estratéxicas como as novas tecnoloxías, con actividades sobre intelixencia artificial, Administración electrónica, robotización aplicada á xestión pública ou ciberseguridade; ou a igualdade, cun novo curso de 150 horas e títulos sobre violencia de xénero na muller maior, homofobia ou explotación sexual. Ademais, tamén se incluírán importantes novidades formativas nas áreas de réxime xurídico, economía pública ou idiomas.

O programa de actividades proposto para 2024 reflicte o esforzo do Goberno galego por lograr unha Administración máis eficiente e efectiva nun contorno en constante cambio como o actual que require dun persoal empregado público que poida cumprir coas demandas cambiantes da sociedade e, deste xeito, ofrecer o mellor servizo á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE CUN MARCO NORMATIVO PARA GARANTIR A PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL DOS PROXECTOS XURDIDOS NA FP

- Unha lexislación propia blindará que os resultados de investigación e innovación realizada por alumnado e profesorado revertan no sistema educativo
- Salientou que cada vez hai “máis creacións ou actividades” dos centros que derivan en produtos que “poden ter utilidade comercial” e cómpre protexer a nivel industrial
- Explicou que Centro Galego de Innovación da FP “será o encargado da xestión” integral destes resultados e a súa axeitada protección
- Este centro asumirá os custes de solicitar patentes ou protección para deseños industriais, marcas ou nomes comerciais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai desenvolver un marco normativo para regular a protección dos dereitos de propiedade intelectual e industrial xurdidos na Formación Profesional galega. “Galicia vai ser a primeira comunidade” en contar cunha regulación neste eido, resaltou.

Trátase dun paso esencial para blindar que os resultados de investigación e innovación aplicada xurdidos do traballo do alumnado dos centros educativos de Formación Profesional revertan no sistema educativo. Deste marco regulador tamén se vai beneficiar o profesorado e as empresas e entidades que prestan a súa colaboración nos distintos ciclos de Formación Profesional.

O presidente salientou que “cada vez son máis” as creacións ou as actividades dos centros de FP que derivan en produtos “que poden ter unha utilidade comercial” e que cómpre garantir a súa protección intelectual e industrial.

A regulación abrangue os títulos de propiedade intelectual e industrial, as patentes, os modelos de utilidade, deseños industriais, marcas, nomes comerciais, nomes de dominio, segredos industriais e programas informáticos entre outros.

Tal e como explicou Rueda, establécese que “o Centro Galego de Innovación da FP” será o encargado “da xestión” integral dos resultados da investigación e a innovación que realicen os alumnos e profesores para garantir a súa protección.

Un procedemento en catro pasos

Para acadar esta protección, a Consellería de Educación establecerá un procedemento de xestión que inclúe catro pasos que son a comunicación, avaliación e protección dos resultados e o mantemento da protección.

O presidente indicou que, en primeiro lugar, as persoas inventoras, en coordinación coa dirección do centro, comunicarán ao Centro Galego de Innovación da FP a obtención dos resultados de innovación susceptibles de seren protexidos. A partir de aí entra a segunda fase, de avaliación dos resultados, no decurso da cal este centro valorará o seu

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impacto “e decidirá se procede a súa protección en función da calidade e características”, priorizando o impacto no mundo rural e a redución da fenda de xénero.

Na terceira fase, de protección dos resultados, o Centro Galego de Innovación da FP asumirá os custos derivados de solicitar a protección e o seu mantemento a nivel nacional, que se poderá estender a nivel internacional no caso de ter a suficiente relevancia. E, por último, tal e como indicou Rueda, haberá unha avaliación cada dous anos “para revisar” se cómpre manter esta protección.

Paralelamente, levaranse a cabo distintas actividades de promoción e difusión da propiedade intelectual e industrial para dar a coñecer a carteira de patentes e modelos de utilidade entre o ecosistema da Formación Profesional galega. O obxectivo último é maximizar a transferencia de I+D+i e a creación de novas empresas de base tecnolóxica industrial.

Estratexia de FP e Plan Innova FP

Esta iniciativa enmárcase no desenvolvemento da Estratexia de FP Galicia 2030, ao abeiro da cal se puxo en marcha o Plan Innova FP Galicia para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento tecnolóxico e industrial na Formación Profesional galega.

A este reto tamén responde o Programa InnovaTech FP, no que alumnado dos diferentes ciclos formativos deberá afrontar dez desafíos tecnolóxicos propostos por empresas, e cuxas solucións deberán xerar un impacto positivo no desenvolvemento do medio rural.

As solucións seleccionadas incorporaranse á área de emprendemento industrial do Centro Galego de Innovación da FP, onde contarán cos medios dispoñibles para a súa incubación e aceleración, podendo derivar na creación de empresas innovadoras e de base tecnolóxica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE AMPLIACIÓN DO CALENDARIO DE VACINACIÓN DA XUNTA REDUCE NUN 90% OS INGRESOS HOSPITALARIOS INFANTÍS CAUSADOS POLO VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL

- Salienta que un estudo amosa que, no que vai de tempada, só houbo 50 hospitalizacións, fronte as máis de 400 doutros anos
- Asegura que grazas á vacinación xeralizada dos bebés que nacen na comunidade foi posible “evitar unha media de 500 ingresos” desde o inicio da campaña
- Galicia foi a primeira comunidade autónoma en iniciar a inmunización e conseguiu unha cobertura vacinal fronte ao VRS que chega ao 100 % en nenos e nenas de risco e que supera o 93 % en bebés nados desde o 25 de setembro
- A Xunta tamén autoriza destinar máis de 13 millóns de euros á subministración sucesiva de vacinas fronte a nove enfermidades transmisibles

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que un informe avaliado hoxe no Consello sobre a protección fronte ao virus respiratorio sincital (VRS) indica que, de forma preliminar, se pode afirmar que “os ingresos hospitalarios de nenos por este virus reducíronse un 90% en Galicia” tras a vacinación xeralizada tanto aos grupos de risco coma a todos os bebés nados na comunidade.

Rueda lembrou que “Galicia foi pioneira” en inmunizar a todos os bebés que nacen na comunidade fronte a este virus que causa bronquiolite e que provoca que cada ano centos de bebés teñan que ser hospitalizados.

Tras esta decisión, a Dirección Xeral de Saúde Pública elaborou un informe provisional que, á vista dos resultados epidemiolóxicos, realiza unha primeira estimación das hospitalizacións que se evitaron ata o 21 de xaneiro de 2024 grazas á inmunización con *Nirsevimab*.

Tal e como explicou o presidente, as hospitalizacións por VRS en nenas e nenos antes de iniciar a campaña de inmunización oscilaba entre un mínimo de 400 ingresos ata un máximo de case 800 por campaña. Este ano, tras incluír a inmunización con este anticorpo monoclonal, estas cifras situáronse “nos 50 ingresos, co que se reduciron ata un 90 % os ingresos hospitalarios”. Estímase que se evitaron “unha media de 500 ingresos en bebés”, salientou Rueda, o que reforza a medida tomada pola Xunta de ter incluído a administración de *Nirsevimab* cun investimento inicial de máis de 3 millóns de euros.

Todo iso tendo en conta, ademais, que aos datos da vixilancia epidemiolóxica amosan que o virus VRS circula nesta tempada a niveis similares que a tempada anterior. Aínda así, amosan que o impacto da inmunización dos lactantes fronte ao VRS está sendo moi

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

positivo, dado que na poboación vacinada os valores das taxas de hospitalización son moito menores en comparación coa tempada anterior e en comparación con outros grupos de idade non vacinados. Hai que ter en conta que unha das particularidades deste virus é que non só afecta os nenos de risco senón que o 98 % das hospitalizacións por VRS ocorren en lactantes sans.

Vixilancia epidemiolóxica automatizada

Ademais de estar á vangarda na incorporación da protección nos lactantes, o elevado grao de dixitalización dos procesos sanitarios da Consellería de Sanidade permite a concepción de sistemas de vixilancia epidemiolóxica automatizados que proporcionan información de calidade en tempo real para a toma de decisións e planificación de medidas de prevención e control.

Desde o inicio da campaña o 25 de setembro de 2023 ata o 21 de xaneiro deste ano, acadouse o 100 % de cobertura en nenos e nenas de grupos de risco, o 93,1 % en bebés nados desde o principio da campaña e o 85,5 % na categoría de rescate (nados antes da campaña, desde o 1 de abril). Estes datos foron conseguidos grazas a unha estratexia de inmunización e un proceso lóxico áxil, en hospitais públicos e privados e en centros de saúde, incluíndo autocitas e citacións proactivas a través de mensaxes sms.

Rueda fixo fincapé en que a campaña continúa para nenas e nenos que nazen ata o 31 de marzo.

Máis de 13 millóns para o subministro de vacinas do calendario

Ademais, tal e como informou o presidente, o Consello autorizou ademais a subministración sucesiva de oito vacinas de calendario e unha máis fronte á Hepatite A, que se administra só a persoas de risco, por un valor estimado de 8.084.360,40 € e da vacina novevalente fronte ao virus do papiloma humano (VPH) cun valor estimado de 5.030.410,00 €. Os dous contratos fan referencia ás anualidades de 2024 e 2025, con prezos sen IVE e que suman un total de 13.114.770,40 €.

O Goberno galego mantén a súa aposta pola prevención co calendario de inmunización máis completo de España e, nesta nova compra aprobada hoxe, está incluída a vacina fronte ao rotavirus, que só a ofrecen actualmente Galicia e Castela e León. No calendario galego inclúense a vacina fronte ao herpes zóster e á enfermidade meningocócica nas que Galicia, a maiores da carteira básica do Sistema Nacional de Saúde, ten incluída para maiores de 80 anos no caso do herpes zóster e para bebés de 4 meses no caso da vacina MenACWY.

Ademais, Galicia foi a primeira comunidade autónoma en vacinar os nenos varóns fronte ao virus do papiloma humano (VPH) e, desde o seu inicio en 2022 á actualidade, a cobertura global en nenas e nenos (polo menos cunha dose) está no 90,77 % en nados

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en 2010 e no 80,84 % en nados en 2011. Con isto, búscase a protección de grupo fronte a un virus de transmisión sexual e, así previr a aparición de lesións premalignas e de cancro de colo de útero, vulva, vaxina e ano. Desta forma, a vacina complementa o labor do cribado de cancro de cérvix que a Xunta estendeu a toda Galicia recentemente.

Polo tanto, o Executivo galego aposta por investir nos programas de vacinación propostos pola Dirección Xeral de Saúde Pública xa que constitúen unha das medidas máis eficaces e de mellor relación custo-beneficio de todas as actuacións sanitarias. A vacinación ten un efecto directo nunha maior saúde da poboación, benestar e produtividade social e supón un importante aforro de recursos asistenciais. De feito, o programa galego de vacinación ten feito desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como manter en niveis moi baixos outras enfermidades como o tétano, a hepatite B, e moitos tipos de meninxite. Este programa constitúe un dos grandes avances da saúde pública no século pasado que a Xunta está a impulsar e mellorar neste, coa introdución de novas vacinas e o reforzo da vacinación en idade adulta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA OS GASTOS DE COMPENSACIÓN DERIVADOS DOS TRASLADOS DOS PACIENTES E ABOARÁ A MANUTENCIÓN E HOSPEDAXE

- O Executivo galego actualiza as contías dos gastos por desprazamento, ampliando o ámbito de actuación a gastos antes non previstos
- A Xunta cumpre así cun mandato unánime do Parlamento para cubrir os gastos de desprazamento e manutención ás familias de afectados por enfermidades raras que sexan tratados fóra de Galicia

O Consello da Xunta vén de dar o visto e praxe á orde da Consellería de Sanidade que establece o procedemento de compensación por gastos de desprazamento, aloxamento e manutención no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia. Esta normativa ten por obxecto regular os requisitos e o procedemento para a compensación dos gastos derivados dos traslados por motivos diagnósticos ou terapéuticos, onde non está prescrito polo persoal facultativo o transporte sanitario por ambulancia.

Coa presente orde, actualízanse as contías dos gastos por desprazamento e ampliase o ámbito de actuación a gastos antes non previstos, como son os de manutención e hospedaxe. A compensación destes gastos farase segundo os supostos recollidos na orde, con especial indicación dos traslados por asistencia no caso de enfermidades raras.

Así, terán dereito á compensación destes gastos as persoas usuarias que dispoñan de tarxeta sanitaria en vigor emitida polo Sergas, que teñan autorizado o desprazamento a outro centro sanitario con fins asistenciais por criterio médico. Así mesmo, as axudas poderán ser recoñecidas a unha soa persoa acompañante do paciente, nos casos previstos na orde.

Deste xeito, compensaranse, segundo os supostos previstos: por un lado, os gastos por desprazamentos que se produzan por diagnóstico ou tratamento dentro da área sanitaria e, por outro, os ocasionados por desprazamento, manutención e aloxamento que se produzan por diagnóstico ou tratamento fóra da área sanitaria, da Comunidade Autónoma ou fóra do territorio nacional.

Ata agora, unicamente cabía a compensación de gastos por desprazamentos nos supostos recollidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamentos previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, e que tiña como obxecto satisfacer os gastos ocasionados aos pacientes que, tendo cobertura polo Sergas, se desprazasen con fins asistenciais e non precisasen usar transporte sanitario.

Enfermidades raras

Cómpre remarcar que a Xunta de Galicia aprobou, no seu Consello do 7 de xuño de 2021, a Estratexia galega en enfermidades raras, un documento estratéxico co obxectivo de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas, garantindo un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Neste marco de desenvolvemento de accións de mellora na asistencia aos pacientes con enfermidades raras e das súas familias, postas en marcha pola Consellería de Sanidade, o pasado 5 de outubro de 2022, a Xunta recibiu o mandato do Parlamento de Galicia no que, a través dunha iniciativa aprobada por unanimidade, instouse o Executivo galego a regular unha prestación que cubra os gastos de aloxamento e dietas das persoas con enfermidades raras, pendentes de diagnóstico ou confirmación deste, cando son derivadas a través do procedemento regulamentario establecido a outras comunidades autónomas e, deste xeito, facer efectivo o dereito a esa asistencia sanitaria.

Deste xeito, o departamento sanitario galego aproba agora esta orde, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE OURENSE NA DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS CUN PROTOCOLO POR 3,8 M€

- O obxectivo da cooperación é realizar actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal no territorio provincial
- Ademais de prever a adquisición de 12 tractores rozadoiras, así como de maquinaria motoniveladora, incorpóranse ao acordo catro programas piloto con 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por seis meses noutras tantas mancomunidades municipais da provincia
- Prevese, ademais, a cesión de maquinaria titularidade da Deputación para tarefas preventivas e a formación especializada do persoal dos concellos e mancomunidades no uso de maquinaria de prevención a través do Centro Integral de Loita contra o Lume situado no municipio de Toén
- Esta cooperación coa Deputación ourensá na loita contra os incendios forestais complementa a iniciada tamén este ano coa de Pontevedra, mentres que no caso das da Coruña e Lugo non foi posible acadar acordos semellantes, malia os reiterados chamamentos por parte de Xunta

A Xunta ampliará a colaboración coa Deputación de Ourense en materia de defensa e prevención de incendios forestais a través dun novo protocolo de colaboración que estará vixente ao longo de todo o ano 2024 e do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno galego. Este acordo ten un orzamento máximo de 3,8 millóns de euros, a razón de 1,3 millóns achegados pola Deputación e 2,5 millóns de euros pola Consellería do Medio Rural, e céntrase na planificación preventiva no territorio.

Así, mediante este protocolo fomentaranse os traballos de roza de matogueira para xestionar a biomasa e mellorarase a xestión do persoal adscrito aos concellos da provincia en materia de defensa fronte o lume. O obxectivo é realizar actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal no territorio provincial.

En concreto, ademais de prever a adquisición de 12 tractores rozadoiras, así como de maquinaria motoniveladora, incorpóranse ao acordo catro programas piloto para o establecemento de 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por seis meses noutras tantas mancomunidades municipais da provincia ourensá. Trátase das do Ribeiro, Terras de Celanova, comarca do Carballiño e comarca de Verín. Ademais, estas mancomunidades contarán, con cargo ao convenio, con catro máquinas multifunción destinadas á prevención e extinción de incendios.

O acordo recolle, a maiores, a cesión de maquinaria titularidade da Deputación provincial de Ourense para tarefas preventivas e a formación especializada do persoal dos concellos e mancomunidades no uso de maquinaria de prevención a través do Centro Integral de Loita contra o Lume situado no municipio de Toén.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta cooperación coa Deputación ourensá na loita contra os incendios forestais complementa a iniciada tamén este ano coa de Pontevedra, mentres que no caso das da Coruña e Lugo non foi posible ata o de agora acadar acordos semellantes, malia os reiterados chamamentos por parte de Xunta.

Competencias na loita contra os incendios

O protocolo de colaboración coas deputacións baséase no feito de que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de Administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal.

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINARÁ UN PROTOCOLO ANUAL DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA FRONTE OS INCENDIOS FORESTAIS DOTADO CON 600.000 €

- A finalidade desta cooperación é realizar actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal no territorio provincial
- Prevese a adquisición de maquinaria, a súa cesión por parte da Deputación e a formación especializada do persoal dos concellos a través do Centro Integral de Loita contra o Lume localizado no municipio ourensán de Toén e dependente da Consellería do Medio Rural
- Esta cooperación iniciada agora coa Deputación pontevedresa complementa a que se vén mantendo coa de Ourense, mentres que no caso das da Coruña e Lugo non foi posible acadar acordos semellantes, malia os reiterados chamamentos por parte de Xunta

A Xunta subscribirá coa Deputación de Pontevedra un protocolo de colaboración en materia de defensa e prevención de incendios forestais que estará vixente ao longo de todo o ano 2024 e do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno galego. Este acordo ten un orzamento máximo de 600.000 euros, que serán achegados a partes iguais por cada unha das administracións asinantes.

A finalidade do protocolo é realizar actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal, co fin de dotar de medios materiais a distintos concellos da provincia de Pontevedra.

Así, prevese a adquisición de maquinaria para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, a cesión deste material titularidade da Deputación provincial e a formación especializada do persoal dos concellos no uso de maquinaria de prevención a través do Centro Integral de Loita contra o Lume, que se localiza no municipio ourensán de Toén e que depende da Xunta.

Esta cooperación iniciada agora coa Deputación pontevedresa complementa a que se vén mantendo coa de Ourense, mentres que no caso das da Coruña e Lugo non foi posible acadar acordos semellantes, malia os reiterados chamamentos por parte de Xunta

O protocolo de colaboración coas deputacións baséase no feito de que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de protección do ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais, segundo o disposto nas leis de administración local de Galicia e reguladora das bases de réxime local. Así, de acordo co previsto nesta última, correspóndelle á provincia asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.